É estimado que aproximadamente un 25 % da poboación sufrirá nalgún momento vital algunha enfermidade psiquiátrica, sendo a depresión e a ansiedade as máis frecuentes [1]. A resposta á medicación empregada para o tratamento deste tipo de doenzas é altamente variable, dependente de factores persoais (como a idade, o sexo ou a actividade renal ou hepática) e xenéticos [2].

A día de hoxe, máis dun terzo dos medicamentos contan con recomendacións farmacoxenéticas de axuste de dose por parte da Axencia Europea do Medicamento (EMA). Con todo, estas recomendacións están maiormente orientadas á poboación adulta, pois a poboación infanto-xuvenil non soe formar parte das grandes cohortes de estudo e presenta desafíos debido a diferenzas anatómicas e fisiolóxicas [3,4].

Dentro do Plan Galego de Saúde Mental Post-COVID19 impulsado no ano 2021, existe un eixe dedicado exclusivamente á poboación infanto-xuvenil, do cal xa se beneficiaron máis de cen pacientes. As análises revelaron que unha porcentaxe significativa de pacientes están categorizados con perfís de metabolización extremos (pobres ou rápidos e ultrarrápidos) para as principais encimas metabolizadoras de psicofármacos: a CYP2D6 e a CYP2C19. Estes achados evidencian unha presenza nada desprezable de variantes xenéticas relacionadas coa farmacoxenética na nosa poboación, o que podería afectar de maneira importante á eficacia e á seguridade dos tratamentos psiquiátricos.

REFERENCIAS

[1]. Kam H., Jeong H. 2020 Pharmacogenomic Biomarkers and Their Applications in Psychiatry. Genes 11(12):1445.

[2]. Lunenburg C.A.T.C., Gasse C. 2020 Pharmacogenetics in psychiatric care, a call for uptake of available applications. Psychiatry Res 292:113336.

[3]. Watanabe H., Nagano N., Tsuji Y., Noto N., Ayusawa M., Morioka I. 2024 Challenges of pediatric pharmacotherapy: A narrative review of pharmacokinetics, pharmacodynamics, and pharmacogenetics. Eur J Clin Pharmacol 80(2), 203-221.

[4]. Pediatric PGx Dashboard (PharmGKB). Dispoñible en liña: https://www.pharmgkb.org/pediatric/dashboard (Acceso no 23 de Xuño de 2025).

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 181-182
ISBN 978-84-10142-89-3

IMPACTO DA HIPERMETROPÍA INFANTIL NO DESENVOLVEMENTO VISUAL E EDUCATIVO: UNHA REVISIÓN BASEADA EN EVIDENCIAS

Sofia Rendo-González, Msc[1,2], Nery Garcia-Porta[1,2], Phd; Justo Arines[1,2], Phd

[1]*Departamento de Física Aplicada (área de optometría), Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

[2]*Instituto de materiales (iMATUS) – Universidade de Santiago de Compostela (Spain)*

sofia.rendo.gonzalez@usc.es

Palabras chave
Hipermetropía infantil, corrección óptica, evidencia científica

A hipermetropía é un erro refractivo frecuente na infancia que, se non se corrixe axeitadamente, pode afectar ao desenvolvemento visual, funcional e académico do neno (1,2). O seu abordaxe clínico na idade pediátrica presenta unha notable variabilidade, especialmente no referente aos criterios de prescrición óptica (3,4).

O presente traballo realiza unha revisión da literatura científica máis recente co obxectivo de analizar o impacto da hipermetropía non corrixida no rendemento visual e educativo, así como de identificar os principais retos asociados á súa detección e tratamento. A revisión céntrase en estudos randomizados e observacionais realizados en nenos de entre 1 e 5 anos(1–3).

Os resultados recollidos mostran que a ausencia de corrección óptica en casos moderados de hipermetropía pode aumentar significativamente o risco de desenvolver ambliopía e estrabismo(3,4), así como dificultar a aprendizaxe en contornas escolares(5). Destácase a importancia dunha avaliación individualizada, que considere a idade, o grao de hipermetropía, a función visual e o contexto educativo do neno. Así mesmo, sublíñase a necesidade dun seguimento visual regular durante a infancia.

Conclúese que é fundamental avanzar cara á estandarización das guías clínicas en optometría pediátrica e promover estudos lonxitudinais que avalíen o impacto da intervención óptica temperá sobre o desenvolvemento global infantil. Esta revisión pretende tamén contribuír á sensibilización sobre a relevancia da saúde visual nas primeiras etapas da vida.

REFERENCIAS

[1]. Ciner, E.B., Kulp, M.T., Pistilli, M., Ying, G.S., Maguire, M., Candy, T.R., et al. 2021 Associations between visual function and magnitude of refractive error for emmetropic to moderately hyperopic 4- and 5-year-old children in the Vision in Preschoolers - Hyperopia in Preschoolers Study. Ophthalmic and Physiological Optics 41(3), 553–564.

[2]. Morrison, A.M., Robich, M.L., Jordan, L.A., Sinnott, L.T., Mutti, D.O. 2025 Emmetropization in highly hyperopic infants: A randomized clinical trial of partial refractive correction. Optometry and Vision Science 102(5), 310–319.

[3]. Holmes, J.M., Kulp, M.T., Dean, T.W., Suh, D.W., Kraker, R.T., Wallace, D.K., et al. 2019 A randomized clinical trial of immediate versus delayed glasses for moderate hyperopia in children 3 to 5 years of age. American Journal of Ophthalmology 208, 145–159.

[4]. Pediatric Eye Disease Investigator Group, Kulp, M.T., Holmes, J.M., Dean, T.W., Suh, D.W., Kraker, R.T., et al. 2019 A randomized clinical trial of immediate versus delayed glasses for moderate hyperopia in 1- and 2-year-olds. Ophthalmology 126(6), 876–887.

[5]. Ntodie M, Saunders K, Little JA. Accuracy and stability of accommodation and vergence responses during sustained near tasks in uncorrected hyperopes. Sci Rep. 2023;13(1):14389.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 183-184
ISBN 978-84-10142-89-3

EMPLEO DE FOTOSENSIBILIZADORES PARA LA MEJORA DE LA DESINFECCIÓN SOLAR DEL AGUA FRENTE AL PARÁSITO DE TRANSMISIÓN HÍDRICA *CRYPTOSPORIDIUM*

Sandra Martín García[1,2], Marina Díaz-Domínguez[1,2],

Seila Couso-Pérez[1,2], Hipólito Gómez-Couso[1,2]

[1]*Laboratorio de Parasitología, Departamento de Microbiología y Parasitología, Facultad de Farmacia e Instituto del Medio Acuático para una Salud Global (iARCUS), Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (España).*

[2]*Grupo Paraquasil (GI-2109), Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS). 15706 – Santiago de Compostela (España).*

sandramartin.garcia@usc.es

Palabras chave
SODIS, Cryptosporidium, fotosensibilizadores

En 2022, la Organización Mundial de la Salud (OMS) estimó que aproximadamente 2000 millones de personas consumían agua procedente de fuentes contaminadas[1]. La desinfección solar del agua (SODIS) es un método sencillo empleado en países con escasos recursos y que consiste en exponer agua contaminada en botellas al sol durante al menos 6 horas. Es un procedimiento muy efectivo para inactivar bacterias, pero ciertos microorganismos como protozoos y virus presentan resistencia[2]. *Cryptosporidium* es un género de protozoos parásitos cuya forma infectante (ooquiste) es altamente resistente a los tratamientos convencionales de agua.

Por ello, *Cryptosporidium parvum* es un patógeno de referencia para la OMS en la evaluación de los tratamientos de agua[3]. En el presente trabajo, se evaluó el uso de dos fotosensibilizadores, eritrosina y riboflavina, compuestos que bajo la radiación solar producen especies reactivas de oxígeno, en la mejora de la eficacia del método SODIS[4,5]. Para ello, tubos de cuarzo conteniendo 3 mL de agua destilada y distintas concentraciones del fotosensibilizador se contaminaron con $2x10^6$ ooquistes/mL y se expusieron a la radiación solar simulada, a 40 °C. La viabilidad ooquística se determinó a las 1, 2 4 y 6 horas de exposición cuantificando el ARN mensajero de la proteína hsp70 de C. *parvum*.

Los resultados demostraron que la adición de estos fotosensibilizadores mejora notablemente la inactivación ooquística, superándose las 2 y 4 reducciones logarítmicas a concentraciones de 200 µM de eritrosina y 100 µM de riboflavina, respectivamente.

AGRADECIMIENTOS

Estudio financiado conjuntamente por la Comisión Europea y el Departamento de Ciencia y Tecnología de la India en el marco del programa de investigación e innovación Horizonte 2020 de la Unión Europea - proyecto PANIWATER (820718) y por la Xunta de Galicia (ED431C 2021/26).

REFERENCIAS

[1]. World Health Organization. 2023 Drinking water. https://www.who.int/news-room/fact-sheets/detail/drinking-water (accedido el 15 de junio de 2025).

[2]. García-Gil, Á., García-Muñoz, R.A., McGuigan, K.G., Marugán, J. 2021 Solar water disinfection to produce safe drinking water: a review of parameters, enhancements, and modelling approaches to make SODIS faster and safer. Molecules 26, 3431.

[3]. Hassan, E.M., Örmecy, B., DeRosa, M.C., Dixon, B.R., Sattar, S.A., Iqbal, A. 2021 A review of *Cryptosporidium* spp. and their detection in water. Water Science and Technology. 83, 1-25.

[4]. Ryberg, E., Chu, C., Kim, J. 2018 Edible dye-enhanced solar disinfection with safety indication. Environmental Science & Technology. 52, 13361-12269.

[5]. Heaselgrave, W. & Kilvington, S. 2010 Antimicrobial activity of simulated solar disinfection against bacterial, fungal, and protozoan pathogens and its enhancement by riboflavin. Applied and Environmental Microbiology 76, 6010-6012.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 185-186
ISBN 978-84-10142-89-3

POLY(ORGANO)PHOSPHAZENE-BASED NANOCOMPLEXES FOR TARGETED CMRNA DELIVERY TO THE BRAIN

Nicolò Della Bona[1], Sara Gutierrez Gutierrez[1], Noemi Csaba[1,2], Marcos García Fuentes[1,2]

[1]*Center for Research in Molecular Medicine and Chronic Diseases (CiMUS), Biomaterials & Drug Delivery Group (BIDD), University of Santiago de Compostela, Campus Vida. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

[2]*Department of Pharmacology, Pharmacy and Pharmaceutical Technology, University of Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

nicolo.dellabona@usc.es

Keywords
Polyphosphazene, Nanocomplexes, Transfection

POLYPHOSPHAZENES: DEFINITION, PROPERTIES AND THERAPEUTIC POTENTIAL

Poly(phosphazene)s (PPZs) are biodegradable polymers with an inorganic backbone and modifiable organic side chains. Cationic and anionic PPZs efficiently form nanocomplexes (NCs) with nucleic acids. Our previous studies showed that 6MHA-PPZ improved gene expression or silencing in cationic NCs with pDNA/cmRNA and siRNA, while reducing toxicity[1,2]. This work evaluates the therapeutic potential and stability of these NCs for cmRNA delivery in glioblastoma multiforme (GBM).

STABILITY AND IN VITRO CYTOTOXICITY OF PPZ NANOCOMPLEXES

A two-month stability study on prototype 1 NCs assessed physicochemical changes, transfection efficiency, and cytotoxicity. Size, zeta potential, and PDI were monitored, and cmRNA delivery to U87 cells was used to evaluate functionality. Transfection efficiency remained stable after one month but declined after two. Cytotoxicity assays confirmed sustained biocompatibility. Overall, NCs showed suitable properties for gene delivery, with size <100 nm, zeta potential <+35 mV, and effective GFP expression, supporting their therapeutic potential.

ACKNOWLEDGEMENTS

This work has been funded by Ministerio de Economía, Industria y Competitividad (MINECO-RETOS, Grant MAT2017-84361-R, Feder Funds) and Next Generation EU founds (ISCIII and EuroNanoMed3 project AC21_2_00046).

REFERENCES

[1]. Hsu, W. H., Sánchez-Gómez, P., Gomez-Ibarlucea, E., Ivanov, D. P., Rahman, R., Grabowska, & García-Fuentes, M. 2019 Structure-Optimized Interpolymer Pholyphosphazene Complexes for Effective Gene Delivery against Glioblastoma. Advanced Therapeutics, 2(3), 1800126.

[2]. Hsu, W. H., Csaba, N., Alexander, C., & García-Fuentes, M. 2020 Pholyphosphazenes for the delivery of biopharmaceuticals. Journal of Applied Polymer Science, 137(25), 48688.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 187-188
ISBN 978-84-10142-89-3

O OLFR374 DO HEPATOCITO MODULA A PRODUCCIÓN HEPÁTICA DA GLICOSA E O METABOLISMO LIPÍDICO

L Diaz-Garzón[1], E Prida[1,2], D Muñoz-Moreno[1,2], E Novoa[2,3], T Parracho[2,3], Brea-García B[1], Dobarro J[1], Fernández Marcos A[1], R Perez-Lois[2,4], M Bascoy-Otero[2,4], Sergio Romero-Rodriguez[2,4], R Nogueiras[2,3,5], L M Seoane[2,4], M Quiñones[2,4] y O Al-Massadi[1,2]

[1]*Translational Endocrinology Group, Endocrinology Section, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (IDIS/CHUS). Travesía da Choupana s/n, 15706 Santiago de Compostela, Spain*

[2]*CIBER Fisiopatología de la Obesidad y Nutrición (CIBERobn), 15706, Spain*

[3]*Department of Physiology, CIMUS, University of Santiago de Compostela-Instituto de Investigación Sanitaria, Santiago de Compostela, 15782, Spain*

[4]*Grupo Fisiopatología Endocrina, Área de Endocrinología, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Complexo Hospitalario Universitario de Santiago (CHUS/SERGAS), Santiago de Compostela, Travesía da Choupana s/n, 15706 Santiago de Compostela, Spain*

[5]*Galician Agency of Innovation (GAIN), Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, Spain*

laura.diazgarzon@rai.usc.es

Palabras chave
MAFLD, OLFR734, hígado.

Unha das moléculas recentemente implicadas na fisiopatoloxía da enfermidade hepática asociada a disfunción metabólica (MASLD) é a hormona asprosina, ligando endóxeno do receptor olfactivo OLFR734. Estudos previos demostraron que a inhibición xenética da asprosina no tecido adiposo ou hepático mellora a sintomatoloxía da MASLD e a gluconeoxénese hepática en ratos. Porén, o

papel específico de OLFR734 no metabolismo hepático foi pouco estudado. Por iso, o obxectivo deste traballo foi determinar o impacto da ablación específica de OLFR734 no fígado e a súa implicación na regulación dos lípidos e da producción de glicosa.

Realizouse unha inhibición xenética selectiva de OLFR734 mediante un vector viral que expresa shRNA en ratos alimentados cunha dieta estándar ou rica en graxas. Analizáronse a progresión da MASLD, as vías moleculares asociadas e o metabolismo da glicosa en condicións de xaxún, restrición calórica e realimentación. Ademais, estudáronse biopsias hepáticas de pacientes con obesidade (IMC >35 kg/m^2), con e sen diabetes tipo 2 (DM2), para avaliar a expresión do ortólogo humano OR4M1.

Os resultados mostraron que OLFR734 responde aos cambios no estado nutricional e que a súa inhibición aumenta o contido lipídico hepático en dietas ricas en graxas a través da inhibición da vía SIRT1/ER. Igualmente, observouse que OLFR734 é clave na adaptación da produción hepática de glicosa segundo a dispoñibilidade de nutrientes. Nas mostras humanas, a expresión de OR4M1 presentou un aumento significativo en varóns con DM2, o que suxire a súa implicación en alteracións metabólicas.

En conclusión, este estudo aplica un enfoque innovador e orixinal para afondar na sinalización da asprosina e no papel de OLFR734 na función hepática.

REFERENCIAS

[1]. Liu, L.J., Kang, Y.R., Xiao, Y.F. 2021 Increased asprosin is associated with non-alcoholic fatty liver disease in children with obesity. World J Pediatr 17(4) 394–399.

[2]. Cui, J., Liu, Y., Li, M., Yin, J., Yang, J., Xu, L. 2024 Association of serum asprosin with metabolic dysfunction-associated fatty liver disease in older adult type 2 diabetic patients: a cross-sectional study. BMC Endocr Disord 24(1) 27.

[3]. Liu, Y., Long, A., Chen, L., Jia, L., Wang, Y. 2020 The Asprosin-OLFR734 module regulates appetitive behaviors. Cell Discov 6 19.

[4]. Li, E., Shan, H., Chen, L., Long, A., Zhang, Y., Liu, Y., et al. 2019 OLFR734 Mediates Glucose Metabolism as a Receptor of Asprosin. Cell Metab 30(2) 319–328.e8.

[5]. Wang, C., Zeng, W., Wang, L., Xiong, X., Chen, S., Huang, Q., et al. 2024 Asprosin aggravates nonalcoholic fatty liver disease via inflammation and lipid metabolic disturbance mediated by reactive oxygen species. Drug Dev Res 85(4) e22213.

[6]. Zhang, B., Lu, J., Jiang, Y., Feng, Y. 2023 Asprosin contributes to nonalcoholic fatty liver disease through regulating lipid accumulation and inflammatory response via AMPK signaling. Immun Inflamm Dis 11(8) e947.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 189-190
ISBN 978-84-10142-89-3

LA FALTA DE PEPCK1 EN LAS CÉLULAS ESTRELLADAS HEPÁTICAS GENERA FIBROSIS HEPÁTICA EN MASLD

Valentina Dorta[1], Eva Novoa[1,2], Tamara Parracho[1], Jose Iglesias[1], Ana Senra[1], Samuel Seoane[1], Marcos Fondevila[1,2], Sara Martinez Martinez[1], Cristina Iglesias[1], Alba Cabaleiro[1], Natalia Da Silva Lima[1], Borja López Picallo[1], Lucia Ramos Lage[3], Miguel Fidalgo[1], Miguel López[1,2], Carlos Dieguez[1,2], Diana Guallar[3], Marta Varela Rey[3], Maria J. Gonzalez Rellan[1], Ruben Nogueiras[1,2,4]

[1]*Departamento de fisiología, CIMUS, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 15782, España*

[2]*CIBER Fisiopatologia de la Obesidad y Nutrición (CIBERobn), 15782, España*

[3]*Departamento de bioquímica y biología molecular, CIMUS, IDIS, Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela 15782, España*

[4]*Galicia Agency of Innovation (GAIN), Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 15702, España*

valentina.dorta.bouza@usc.es

Palabras clave
MASLD, PEPCK1, células estrelladas hepáticas

La enzima fosfoenolpiruvato carboxiquinasa 1 (PEPCK1) es la responsable de catalizar la conversión de oxalacetato (OAA) a fosfoenolpiruvato (PEP), una reacción cataplerótica crucial para mantener la homeostasis y el funcionamiento del ciclo del ácido tricarboxílico (TCA), una reacción limitante para la gluconeogénesis en el hígado y los riñones. Si bien su función en los hepatocitos se conoce ampliamente, aún se desconoce su papel en las células estrelladas hepáticas (HSC), las principales células fibrogénicas del hígado.

OBJETIVOS

Estudiar el papel de PEPCK1 en la activación de las HSC durante el desarrollo de la esteatohepatitis asociada a disfunción metabólica (MASH).

MÉTODOS

Analizamos biopsias de hígados de pacientes con fibrosis hepática; utilizamos una línea celular de HSC humanas (LX2) y HSC humanas primarias con modificaciones en el gen de PEPCK1. Por último, generamos y fenotipamos ratones con deficiencia de PEPCK1 en HSC que fueron sometidos a una dieta fibrogénica.

RESULTADOS

La expresión de PEPCK1 se reduce en las HSC en modelos animales y de pacientes con fibrosis hepática. Además, sus niveles se correlacionan negativamente con el índice de actividad de la enfermedad por hígado graso asociado a disfunción metabólica (MAFLD) y el estadío de fibrosis. También observamos que el silenciamiento genético de PEPCK1 en HSC humanas es suficiente para activar estas células e inducir la expresión de marcadores fibróticos. Respecto al modelo in vivo hemos demostrado que en ratones el silenciamiento genético de PEPCK1 en las HSC reduce la fibrosis hepática inducida por la dieta.

CONCLUSIONES

Estos hallazgos indican que la alteración de la cataplerosis en las HSC debido a la pérdida de PEPCK1 aumenta la glucólisis y activa las HSC, promoviendo así el desarrollo de la fibrosis hepática.

AGRADECEMENTOS

Agradecementos: financiado por Ministerio de Ciencia e Innovación (MCIN).

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 191-192
ISBN 978-84-10142-89-3

FARMACOGENÉTICA DE *DPYD* EN GALICIA: DE LA IMPLEMENTACIÓN CLÍNICA A LA COMPARACIÓN DE FRECUENCIAS DE VARIANTES CON DATOS EUROPEOS

Almudena Gil Rodríguez[1,2], Sheila Recarey Rama[1,2], Ana Rodríguez Viyuela[1,3], Raquel Cruz[2,4], Ana Fernández Montes[5], Francisco Barros[4,6], Ángel Carracedo[2,3,4,6], Olalla Maroñas[1,2,4,6]

[1]*Grupo de Farmacogenómica y Descubrimiento de medicamentos (GenDeM), Instituto de Investigación de Santiago de Compostela (IDIS). 15706-Santiago de Compostela (Spain).*

[2]*Grupo de Genómica y Bioinformática, CIMUS, Universidad de Santiago de Compostela. 15782-Santiago de Compostela (Spain)*

[3]*Grupo de Genética, Instituto de Investigación de Santiago de Compostela (IDIS), Santiago de Compostela, España.*

Centro de Investigación Biomédica en Red (CIBERER), Instituto de Salud Carlos III. 28029-Madrid (Spain).

[5]*Departamento de Oncología Médica, Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO. 32005-Ourense (Spain).*

[6]*Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX), Servizo Galego de Saúde (SERGAS). 15706-Santiago de Compostela (Spain).*

almudena.gil@usc.es

Palabras chave
Fluoropirimidinas, farmacogenética, implementación

La farmacogenética del gen *DPYD* en Galicia ha evolucionado significativamente tras la obligación de análisis en 2020 por la Agencia Europea del Medicamento y la Agencia Española de Medicamentos. Esta obliga a realizar el genotipado previo a la administración de fluoropirimidinas en cáncer colorrectal. Las variantes en el gen *DPYD* codifican una enzima con función reducida y se asocian con una mayor toxicidad grave al tratamiento, siendo: c.1236G>A (HapB3), c.1679T>G, c.1905+1G>A y c.2846A>T. El objetivo fue evaluar la implementación en práctica clínica asistencial del análisis genético de *DPYD* en el centro de medicina genómica de referencia en Galicia, cuatro años después de estas recomendaciones, describiendo la prevalencia de las variantes clínicas en la población gallega y comparándola con cohortes europeas (1,2).

Se analizó la evolución del genotipado en la Unidad de Farmacogenética de la Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica antes y después de las recomendaciones regulatorias. El estudio incluyó las variantes obligatorias analizadas en la rutina asistencial y comparó sus frecuencias alélicas con las de bases genómicas internacionales. Los resultados evidencian un aumento notable en las solicitudes de análisis desde mayo de 2020, cuando el enfoque pasó de reactivo (tras reacciones adversas) a preventivo.

Se observaron diferencias significativas en las frecuencias de las variantes c.1905+1G>A y c.1236G>A en Galicia respecto a otras poblaciones europeas y españolas. Estos hallazgos sugieren que las bases de datos genómicas internacionales pueden no ser completamente aplicables a la población gallega, resaltando la importancia de contar con datos poblacionales específicos para una medicina personalizada eficaz.

AGRADECEMENTOS

A los oncólogos por su confianza en nosotros y en los pacientes. AG-R también agradece el apoyo financiero del proyecto «BioFRAM» (PMP22/00056). SR-R agradece el apoyo financiero de la Xunta de Galicia (Programa de Becas Predoctorales 2024), cofinanciado con fondos europeos. AR-V agradece el apoyo financiero de IMPaCT-GENóMICA «IMP0009», financiado por el Instituto de Salud Carlos III (ISCIII) con cofinanciación de fondos de la Unión Europea (FEDER).

REFERENCIAS

[1]. Gil-Rodríguez, A., Recarey-Rama, S., Rodríguez-Viyuela, A., Barros, F., Carracedo, A., Maroñas, O. 2025 Balance of care activity after EMA recommendation for DPYD gene testing in Galicia. Frontiers in Pharmacology 28(16), 1523536.

[2]. Gil-Rodríguez, A., Recarey-Rama, S., Rodríguez-Viyuela, A., Cruz, R., Barros, F., Carracedo, A., Maroñas, O. 2025 Differences in DPYD Population Frequencies Observed in Galicians Compared to Europeans and Spanish from PhotoDPYD Study. Pharmaceuticals 18(4), 515-525.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, p. 193
ISBN 978-84-10142-89-3

APLICACIÓN DE MARCADORES MICROHAPLOTIPOS PARA LA IDENTIFICACIÓN DE RESTOS CADAVÉRICOS DE FOSAS COMUNES A TRAVÉS DE FAMILIARES

Javier González Bao[1], Lucía Casanova Adán[1], Ana Mosquera Miguel[1], Adrián Ambroa Conde[1], Amaia Cabrejas Olalla[1], Jorge Ruiz Ramírez[1], Miguel Boullón Cassau[1], Mafalda Palhares[1], Ana Freire Aradas[1], Amelia Rodríguez[1], Christopher Phillips[1,2], María Victoria Lareu[1], María De La Puente[1]

[1]*Unidad de Genética Forense, Instituto de Ciencias Forenses, Universidade de Santiago de Compostela, España*

[2]*King's Forensics, Faculty of Life Sciences and Medicine, King's College, London, UK*

javiergonzalez.bao@usc.es

Palabras clave
Identificación humana, genética forense, MPS

Desde la aprobación de la Ley 20/2022, de 19 de octubre, de Memoria Democrática se han llevado a cabo numerosos proyectos de identificación de restos humanos localizados en fosas comunes que datan del período de la Guerra Civil española y la dictadura franquista. Las pruebas de ADN constituyen el paso final en las identificaciones, que se llevan a cabo por equipos interdisciplinares de historiadores, arqueólogos, antropólogos y genetistas forenses.

Los cotejos son procesos complejos, ya que las identificaciones a través de familiares indirectos (ej. Abuela-nieta) requieren más información que a través de familiares directos y el material genético de los restos cadavéricos habitualmente se encuentra degradado como consecuencia del paso del tiempo y las condiciones ambientales.

Los marcadores más utilizados en genética forense, los STRs, no proporcionan en muchos casos resultados concluyentes, pues no se obtienen resultados óptimos o se analizan conjuntos que no llegan al poder de discriminación necesario.

Para abordar este reto, se han utilizado tecnologías de secuenciación masiva en paralelo (MPS) para analizar un panel combinado de microhaplotipos, nuevos marcadores genéticos, lográndose la identificación de cinco individuos para los cuales el resultado del análisis de STRs resultó inconcluyente.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 195-196
ISBN 978-84-10142-89-3

ESTRATEGIAS TERAPÉUTICAS INNOVADORAS PARA EL TRATAMIENTO DEL GLIOBLASTOMA

Claudia B. Huesa Carballo[1], Aroa Cernadas Pazos[2], Alba Ferreirós[2,3], Francesco Baschieri[4], Rafael López-López[1,2,3,5,6], Miguel Abal[1,2,6], Jorge Barbazán[1,2]

[1]*Laboratorio de Oncología Traslacional (Oncomet). Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), España.*

[2]*Batea Oncology S.L, España.*

[3]*Universidad de Santiago de Compostela, España.*

[4] *Instituto de Fisiopatología. Universidad Médica de Innsbruck, Innsbruck, Austria.*

[5]*Departamento de Oncología Médica, Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela, España.*

[6]*Centro de Investigación Biomédica en Red de Cáncer (CIBERONC), Madrid, España.*

claudiabetsabe.huesa@rai.usc.es

Palabras chave
Glioblastoma, Biomateriales, Durotaxis

Uno de los principales retos de la oncología moderna es desarrollar nuevas terapias para tratar tumores con baja tasa de supervivencia, como el glioblastoma (GBM). El tratamiento estándar actual —cirugía combinada con quimiorradioterapia— ha resultado poco eficaz, con una tasa de supervivencia a 5 años inferior al 3%. A diferencia de otros tumores, donde se han logrado avances significativos, incluida la inmunoterapia, la terapia contra el GBM apenas ha cambiado en las últimas dos décadas. Teniendo en cuenta que el 80% de las recaídas se producen en

los márgenes quirúrgicos, el objetivo de este trabajo es abordar la resistencia terapéutica del glioblastoma mediante una estrategia centrada en la localización de la enfermedad.

La propuesta se basa en la tendencia de las células de GBM a migrar hacia regiones más rígidas, un fenómeno conocido como durotaxis. Dado que el tejido cerebral tiene una rigidez aproximada de 2 kPa, proponemos el uso de un biomaterial más rígido, recubierto de colágeno, fabricado con Policarbonato-Poliuretano (PCPU), con una dureza de 140 kPa, similar a la que encuentran las células tumorales.

Estudios *in vivo* han demostrado su biocompatibilidad, sin toxicidad asociada, y su capacidad para promover la infiltración celular tumoral, reduciendo además la aparición de nuevos focos de invasión. Mediante modelos *in vitro*, hemos comprobado que las células de GBM migran preferentemente hacia zonas más rígidas, validando la durotaxis como mecanismo clave de infiltración en el biomaterial. Esto abre la puerta a nuevas estrategias terapéuticas que combinen la radioterapia con la liberación local de fármacos.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 197-198
ISBN 978-84-10142-89-3

CPT1A EN TANICITOS REGULA O BALANCE ENERXÉTICO

Iglesias Cristina[1*], Martínez Sara[1*], Iglesias José[1*], Valero Paola Valentina[1], Porteiro Begoña[1], López Alba[1], Heras Violeta[1], Da Silva Lima Natalia1, Schwaninger Markus[2], Prevot Vincent[3] e Nogueiras Rubén[1].*Contribución Igualitaria.

[1]*CIMUS, Universidade de Santiago de Compostela-Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España.*

[2]*Instituto de Farmacoloxía e Toxicoloxía Experimental e Clínica, Universidade de Lübeck, Lübeck, Alemaña.*

[3]*Laboratorio de Desenvolvemento e Plasticidade do Cerebro Neuroendocrino, Inserm, Universidade de Lille, Lille, Francia.*

jose.iglesias.moure@usc.es

Palabras chave
Tanicitos, obesidade, neuroendocrinoloxía

Os tanicitos son un tipo de células ependimogliais que están tapizando a parede do terceiro ventrículo no hipotálamo. A súa particular forma e localización confírelles unha variedade de funcións e propiedades de barreira dado que as súas proxeccións conectan os vasos sanguíneos e as neuronas [1]. Os tanicitos funcionan como sensores da homeostase periférica para a regulación do equilibrio da glicosa, inxesta de alimento, eixos endocrinos, cambios estacionais, función reprodutiva e envellecemento [1].

A inhibición de CPT1A (proteína central na oxidación dos ácidos graxos) en tanicitos perxudica a regulación da oxidación de ácidos graxos afectando a sinalización da leptina e producindo alteracións metabólicas *in vivo*, como por exemplo, unha maior ganancia de peso corporal. Os estudos *in vitro* apuntan a que o LPI xoga un papel fundamental neste proceso.

REFERENCIAS

[1]. Prevot V, Dehouck B, Sharif A, Ciofi P, Giacobini P, Clasadonte J. The versatile tanycyte: A hypothalamic integrator of reproduction and energy metabolism. *Endocr Rev.* 2018;39(3):333–68. doi:10.1210/er.2017-00235.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 199-200
ISBN 978-84-10142-89-3

MICROMINERALES ESENCIALES Y TÓXICOS EN EL PACIENTE ONCOLÓGICO CANINO

Belén Larrán[1,2], Marta López Alonso[1,2], Marta Miranda[2,3], Lourdes Moreno Guillén[2], María Luisa Suárez[2,3], Inmaculada Orjales[2,3]

[1]*Departamento de Patoloxía Animal, Universidade de Santiago de Compostela. 27002 – Lugo (Lugo)*

[2]*IMedA (Grupo de Investigación en Medicina Animal), Universidade de Santiago de Compostela. 27002 – Lugo (Lugo)*

[3]*Departamento de Anatomía, Produción Animal e Ciencias Clínicas Veterinarias, Universidade de Santiago de Compostela. 27002 – Lugo (Lugo)*

belen.larran.franco@usc.es

Palabras clave
Minerales, metabolismo, cáncer.

Los minerales son esenciales en numerosos procesos bioquímicos y tienen un papel clave en el sistema antioxidante e inmunológico. Su relevancia en oncología humana está bien establecida, pero su estudio en pequeños animales es aún limitado.

MATERIAL Y MÉTODOS

Mediante espectrometría de masas con plasma acoplado inductivamente, se analizó la concentración plasmática de 13 minerales en 164 perros con cáncer, distribuidos en seis tipos tumorales: hepático (n=17), intracraneal (n=27), linfoma (n=21), mamario (n=44), mastocitoma (n=28) y sarcoma de tejidos blandos (n=27). Como grupo control se incluyeron 40 perros sanos. La significación estadística se definió como $p<0,05$.

RESULTADOS

Los pacientes oncológicos mostraron niveles significativamente mayores de cobre, manganeso, níquel, plomo, selenio y zinc que el grupo control (Figura 1). Estas concentraciones variaron según el tipo de tumor, siendo el grupo hepático el que presentó más diferencias frente al control.

Mediante análisis de componentes principales fue posible discriminar cada tipo tumoral del grupo control (Figura 2). Al

evaluar las características clínicas de los pacientes junto con las concentraciones minerales, se observó que la presencia de disorexia, apatía o metástasis se asoció con alteraciones específicas en los niveles de cobre, manganeso, selenio y/o zinc.

CONCLUSIÓN

El perfil mineral en perros con cáncer se encuentra alterado, con diferencias asociadas al tipo de tumor y características clínicas. Algunos elementos podrían actuar como biomarcadores de inflamación y representar una herramienta prometedora para la monitorización clínica. Se recomienda incluir, al menos, cobre, manganeso, níquel, selenio y zinc en futuros estudios de oncología veterinaria.



Figura 1: Diagrama de cajas mostrando las concentraciones minerales plasmáticas de perros sanos (Ctrl; n=40) y pacientes oncológicos (n=164). Solo se incluyen los minerales con diferencias estadísticamente significativas (p<0,05). Todos los resultados están expresados en ugL-1.



Figura 2: Gráfico de componentes principales empleando los datos de Cu, Mn, Ni, Se y Zn en perros sanos (Ctrl; n=40) y pacientes oncológicos: H: tumor hepático (n=17); IC: tumor intracraneal (n=27); L: linfoma (n=21); MCT: mastocitoma (n=28); MM: tumor mamario (n=44); STB: sarcoma de tejidos blandos (n=27).

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 201-202
ISBN 978-84-10142-89-3

EMPREGO DE HIDROXEIS COMO PLATAFORMAS BIOFUNCIONAIS PARA A LIBERACIÓN SOSTIDA DE CÉLULAS EN APLICACIÓNS BIOMÉDICAS

Alba Paz Castro[1,2,3], Sara Vázquez Mera[1,2,4], Lisandra De Castro Alves[5], Nancy Maribel Cativa[3], Yolanda Piñeiro Redondo[3], Francisco Javier Salgado Castro[1,2], Juan José Nieto Fontarigo[1,2,4], José Rivas[3]

[1]*Grupo Bioloxía do Linfocito (BioLinfo) Departamento de Bioquímica e Bioloxía Molecular, Facultade de Bioloxía- Centro de Investigacións Biolóxicas (CIBUS), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España*

[2]*Grupo de Investigación Traslacional en Enfermidades das Vías Respiratorias (TRIAD), Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), Santiago de Compostela, España.*

[3]*Grupo Magnetismo e Nanotecnoloxia (NANOMAG). Departamento de Física Aplicada. Facultade de Física-Instituto de Materiais (iMATUS) e Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), Santiago de Compostela, España*

[4]*Respiratory Immunopharmacology Group, Department of Experimental Medical Science, Faculty of Medicine, Lund University, Lund, Sweden*

[5]*ENCE, Pontevedra, España*

albapaz.castro@usc.es

Palabras chave
Hidroxeis, Plataformas Bifuncionais, Aplicación Biomédica

O deseño de sistemas tridimensionais capaces de aloxar, protexer e liberar células de maneira controlada constitúe un dos principais desafíos da enxeñaría biomédica actualmente. Estes sistemas ofrecen un grande potencial tanto na recreación de microambientes fisiolóxicos para o

cultivo celular como na administración localizada de células con fins terapéuticos, rexenerativos ou experimentais. Neste contexto, os hidroxeis naturais, como o alxinato e a xelatina, destacan polas súas propiedades físico-químicas favorables para a encapsulación celular, grazas á súa elevada biocompatibilidade, porosidade modulable e capacidade de xelificación suave, que preserva a viabilidade celular.

OBXECTIVO

O obxectivo deste traballo foi desenvolver un sistema funcional de encapsulación celular baseado en hidroxeis naturais, capaz de manter a viabilidade celular durante un periodo de tempo e permitir a súa liberación progresiva.

METODOLOXÍA

Empregáronse hidroxeis de alxinato e xelatina para encapsular células en microcápsulas mediante xelificación iónica suave. Avaliouse a viabilidade celular, a distribución tridimensional e a liberación pasiva ao medio ao longo do tempo.

RESULTADOS

As formulacións testadas amosaron unha maior capacidade para manter a viabilidade e actividade celular durante un período de tempo prolongado, favorecendo a proliferación e mantendo a estrutura tridimensional das cápsulas. Ademais, observouse que a liberación celular é posible grazas á porosidade inherente ao hidroxel.

CONCLUSIÓNS

O sistema desenvolvido ofrece unha plataforma modular e adaptable para a encapsulación e liberación sostida de células, aplicable en múltiples contextos: desde modelos de cultivo tridimensional ata dispositivos implantables.

AGRADECEMENTOS

Proxecto de investigación: PLEC2022-009217 encapsulación de células cart en sistemas porosos nanoestructurados bioactivos para su liberación dirigida en tumores sólidos-líneas estratéxicas 2022- PRTR programa: para impulsar a investigación científica e técnica e a súa transferencia. Next Generation. Ministerio de ciencia, innovación y universidades.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 203-204
ISBN 978-84-10142-89-3

EFECTOS DE LEAP-2 NA INFLAMACIÓN, ESTRÉS DO RE E FIBROSE EN MODELOS DE OBESIDADE E MAFLD

Carmen Quintela Vilariño[1], Marta Varela Miguéns[1], Tadeu De Oliveira Diz[1], Sabela Casado Masa[1], Carlos Diéguez González[2], Sulay Tovar Carro[1]

[1]*Laboratory Diabesity, CiMUS, Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

[2]*Functional Obesomics, CiMUS, Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

carmenquintela.vilarino@usc.es

Palabras chave
LEAP-2, inflamación, estrés do RE, fibrose, MAFLD

A MAFLD é unha das comorbilidades máis comúns da obesidade que pode progresar a MASH, fibrose ou carcinoma hepatocelular. LEAP-2 foi descuberto recentemente como antagonista do receptor da ghrelina (GHSR) e demostrouse que ten o efecto oposto a ela nalgúns procesos metabólicos. Os efectos deste péptido sobre a inflamación, estrés do RE e fibrose en modelos animais de MAFLD están aínda por describir, así como os seus efectos directos sobre os hepatocitos.

OBXECTIVOS

O obxectivo deste traballo foi analizar o efecto dun tratamento central crónico con LEAP-2 en animais con MAFLD ou MASH inducida por dieta, así como os efectos directos de LEAP-2 sobre os hepatocitos.

METODOLOXÍA

Utilizáronse ratos macho C57BL6 alimentados cunha dieta alta en graxa e deficiente en colina (CD-HFD) aos que se lles administra central e cronicamente durante 7 días LEAP-2. Ademais utilizáronse cultivos primarios de hepatocitos de rato e a liña celular HEPG2.

RESULTADOS

Os resultados demostran que LEAP-2 en animais con MAFLD induce unha diminución de marcadores de inflamación hepática, fibrose e estrés do RE. Por outra banda, demóstrase que o tratamento de hepatocitos con LEAP-2 provoca unha diminución da acumulación de lípidos e tamén unha redución de marcadores de estrés do RE.

CONCLUSIÓNS

Podemos concluir que os efectos de LEAP-2 central sobre o fígado afectado por MAFLD son relevantes fronte a inflamación, o estrés do RE e a progresión a fibrose; e que LEAP-2 ten un efecto directo sobre o metabolismo lipídico e o estrés do RE nos hepatocitos.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 205-206
ISBN 978-84-10142-89-3

ANÁLISIS DE LA ACTIVACIÓN DE LA VÍA JAK/STAT EN MUESTRAS DE COLON DE PACIENTES CON COLITIS ULCEROSA PARA ESTRATEGIAS TERAPÉUTICAS INDIVIDUALIZADAS

Mariña Durán Rubí[1,2], David Moreira Alvarez[1], Iria Brocos Mosquera[1], Cristina Calviño Suárez[2,3], Manuel Barreiro De Acosta[2,3], María Isabel Loza García[1,2], Antón Leandro Martínez Rodriguez[1,2]

[1]*Biofarma research group. Centro Singular de Investigación en Medicina Molecular y Enfermedades Crónicas (CIMUS). Departamento de Farmacología y Tecnología Farmacéutica, Facultad de Farmacia, Universidade de Santiago de Compostela. – Santiago de Compostela (Spain)*

[2]*Biofarma research group. Instituto de Investigacións Sanitarias de Santiago de Compostela (IDIS) – Santiago de Compostela (Spain)*

[3]*Departamento de Gastroenterología y Hepatología, Hospital Clínico Universitario de Santiago, – Santiago de Compostela (Spain)*

marina.duran@rai.usc.es

Palabras chave
Colitis Ulcerosa, JAK/STAT, Medicina personalizada

La colitis ulcerosa (CU) es una patología que se caracteriza por la inflamación y formación de ulcera continua a lo largo del colon con una evolución característica en brotes, asociados a una disrupción de la homeostasis intestinal y una sobrestimulación inmune persistente.

A pesar de que existen tratamientos dirigidos a dianas que participan en cada una de las principales vías de señalización inflamatoria (TNFα, α4β7 integrina, IL12/23 y JAK/STAT), la diferente activación de estas vías en los pacientes conlleva una elevada variabilidad interindividual a la respuesta a los tratamientos y, actualmente, una gran proporción de pacientes no responde adecuadamente, dando lugar a tasas de fracaso al terapéutico relativamente altas.

Este estudio propone una metodología para caracterizar la activación de la vía JAK/STAT en pacientes con CU y analizar su variabilidad entre individuos. Los niveles de proteínas fosforiladas

pertenecientes a la vía JAK/STAT en muestras de colon de pacientes con CU se determinaron utilizando la técnica de Western Blot.

Los resultados del análisis indican un aumento significativo en los niveles de fosforilación de todas las proteínas estudiadas de las vías JAK y STAT, con variaciones observadas entre proteínas específicas y la intensidad de activación entre diferentes pacientes. Estos hallazgos abren el camino para una estratificación diferencial de los pacientes en la selección de tratamientos para la colitis ulcerosa.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 207-208
ISBN 978-84-10142-89-3

NOVAS PERSPECTIVAS NA RESISTENCIA NA QUIMIOTERAPIA: ACHEGAS DE ORGANOIDES DERIVADOS DE PACIENTES CON CANCRO DE OVARIO

Andrea Estrella Arias Diaz[1,2], Miguel Hernandez Gamarra[2,3,4], Melek Denizli[6], Natalia Fernández Díaz[8], Ana Vilar[7], Teresa Curiel[1,8], Antonio Gil Moreno[6,10], Eva Colas[6,10], Catarina Allegue Toscano[3,4,10], Eduardo Dominguez Medina[4], Miguel Abal[1,10]

[1]*Grupo de Oncoloxía Médica Translacional (Oncomet), Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (SERGAS), Santiago de Compostela, España*

[2]*Departamento de Medicina, Universidade de Santiago de Compostela (USC), Santiago de Compostela, España*

[3]*Grupo de Medicina Xenómica, Centro de Investigación en Medicina Molecular e Enfermidades Crónicas (CiMUS), Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, España*

[4]*C005, Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS), Santiago de Compostela, España*

[5]*Departamento de Anatomía Patolóxica, Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (SERGAS), Santiago de Compostela, España*

[6]*Investigación Biomédica en Xinecoloxía, Vall d'Hebron Institut de Recerca, Barcelona, España*

[7]*Departamento de Xinecoloxía, Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (SERGAS), Santiago de Compostela, España*

[8]*Departamento de Oncoloxía, Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (SERGAS), Santiago de Compostela, España*

[9]*CB06/07/0088, Centro de Investigación Biomédica en Rede de Enfermidades Raras (CIBERER), Instituto de Salud Carlos III, Madrid, España*

[10]*Centro de Investigación Biomédica en Rede en Cancro (CIBERONC), Instituto de Salud Carlos III, Madrid, España*

andreaestrella.arias@rai.usc.es

Palabras chave
Quimiorresistencia, cancro de ovario, organoides

O carcinoma seroso de alto grao de ovario (HGSOC) presenta unha boa resposta inicial á quimioterapia baseada en carboplatino e taxanos, con taxas de resposta do 70-80%. Non obstante, moitas pacientes desenvolven resistencia ao tratamento entre os 12 e 36 meses, o que limita gravemente as opcións terapéuticas dispoñibles. Aínda que existen diferentes hipóteses, os mecanismos moleculares que sustentan esta resistencia seguen sendo pouco comprendidos.

Neste estudo utilizáronse organoides derivados de pacientes (PDOs), obtidos de líquido ascítico, para modelar a resistencia ao carboplatino e identificar novas estratexias terapéuticas. Establecéronse PDOs de 14 pacientes, que foron caracterizados mediante inmunohistoquímica e inmunofluorescencia, e testados para sensibilidade ao carboplatino. Tamén se realizou unha análise de RNA-seq e un cribado de 179 fármacos antitumorais aprobados pola FDA.

Os PDOs mostraron capacidade proliferativa a longo prazo (>25 pases), conservaron morfoloxía tumoral e expresaron marcadores típicos do carcinoma seroso de alto grao. As respostas ao carboplatino foron consistentes coas respostas clínicas das pacientes, pero nun espectro continuo de sensibilidade, afastándose da clásica clasificación binaria «sensible/resistente».

O RNA-seq revelou alteracións en rutas como MAPK, PI3K-Akt, transportadores ABC, citoesqueleto de actina, prostaglandinas e autofaxia, indicando que cada paciente pode ter mecanismos de resistencia diferentes. Isto subliña a necesidade de tratamentos personalizados. Ademais, o cribado de fármacos identificou inhibidores de tirosina quinase como opcións prometedoras en contextos resistentes.

En conxunto, os PDOs demostraron ser ferramentas útiles para predicir respostas á quimioterapia e guiar terapias dirixidas individualizadas.

CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 211-212
ISBN 978-84-10142-89-3

UNHA ANÁLISE SOCIODEMOGRÁFICA DA DEPENDENCIA E DOS COIDADOS EN GALICIA

Carmen López Castrelo[1], Bruno Blanco-Varela[2] e María del Carmen Sánchez Carreira[3]

[1]*Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

[2]*Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

[3]*Grupo de investigación ICEDE, CRETUS, Departamento de Economía Aplicada, Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

carmen.lopez.castrelo@rai.usc.es

Palabras chave
Coidados, Dependencia, Desigualdades de xénero

Esta comunicación analiza a situación actual e as tendencias recentes da dependencia en Galicia desde unha perspectiva de xénero, que resulta un dos piares do sistema de coidados. A dependencia vese impulsada polo envellecemento, o aumento das enfermidades crónicas e os cambios familiares, nun modelo de benestar caracterizado por ser familiarista, con provisión pública reducida e unha distribución desigual das responsabilidades entre mulleres e homes [1].

A caracterización das persoas dependentes e coidadoras permite identificar perfís diferenciados segundo factores sociodemográficos e de xénero: a dependencia afecta maioritariamente a persoas maiores de 75 anos, con especial incidencia nas mulleres, mentres que nos homes é máis temperá. As persoas coidadoras —principalmente mulleres— amosan efectos adversos no ámbito da saúde, do emprego e da conciliación. Estas desigualdades tamén se reflicten a nivel territorial, tanto na oferta como na demanda: o 40 % das persoas dependentes reside en municipios de menos de 10.000 habitantes, cun acceso máis limitado aos servizos.

O 57,5 % da atención a persoas dependentes ten lugar no ámbito familiar, cunha escasa profesionalización e unha distribución desigual do tempo dedicado. A denominada xeración sándwich,

composta por mulleres de mediana idade, asume múltiples responsabilidades de coidado sen apoio público suficiente. Ademais, detectouse unha brecha perceptiva: os homes sobrevaloran a súa implicación, mentres que as mulleres a infravaloran, o que contribúe á persistencia da desigualdade.

Desta análise derívanse implicacións para as políticas públicas. Proponse unha reestruturación do modelo de coidados que asegure accesibilidade, corresponsabilidade e sostibilidade, tendo en conta as necesidades específicas de Galicia.

REFERENCIAS

[1]. Martínez-Buján, R. 2014 Los modelos territoriales de organización social del cuidado a personas mayores en los hogares. *Revista Española de Investigaciones Sociológicas* 145, 99-126.

XII Encontro da Mocidade Investigadora
Universidade de Santiago de Compostela, 2025, pp. 213-214
ISBN 978-84-10142-89-3

SER ADOLESCENTE NUNHA SOCIEDADE HÍBRIDA: RISCOS E DECISIÓNS

Carolina Rodríguez-González[1], Ana Rodríguez-Groba[1]

[1]*Departamento de Pedagoxía e Didáctica, Universidade de Santiago de Compostela. 15782 – Santiago de Compostela (Spain)*

carolina.rodriguez@usc.es

Palabras chave
Adolescentes, Competencia Dixital, Riscos

Actualmente, as novas xeracións nacen e crecen nunha Sociedade Posdixital (Jandrić & Knox, 2021), rodeadas de pantallas, algoritmos e interaccións. Nesta conexión inevitable, a poboación adolescente aproveita as oportunidades que os espazos dixitais ofrecen, pero tamén afrontan os numerosos riscos que neles se atopan. Fenómenos vinculados co uso problemático de internet, pero non só, están impactando especialmente no benestar dos/as adolescentes debido á idiosincrasia dunha etapa vital cambiante e intrinsecamente vulnerable (Lareki et al., 2024). Un acontecemento que está xerando unha gran alarma social (Selwyn & Aagaard, 2020). Neste senso, familias, docentes e institucións educativas reclaman facer fronte a esta realidade, demandando medidas prohibitivas que se afastan da promoción dunha Competencia Dixital crítica, máis necesaria que nunca.

